

Libres e Combativas

Feminismo revolucionario e anticapitalista



Feministas
antifascistas con

PALESTINA

¡Israel ASASINA,
Europa patrocina!

Contra a LGTBIfobia e o fascismo: ¡ORGULLO DE CLASE E REVOLUCIONARIO!

VEN DA CONTRAPORTADA

Este é o verdadeiro rostro da dereita e a extrema dereita, das sectas católicas e a xerarquía da Igrexa. Poñen na diana ao colectivo LGTBI, ás mulleres, aos inmigrantes, aos traballadores e traballadoras en xeral para que retrocedamos aos anos 40, para enviarnos de novo ao armario, á casa, a vivir a nosa sexualidade con medo, vergoña e en silencio, como tantas e tantas persoas sufriron durante a ditadura franquista.

Non o imos permitir. Non imos permitir que a súa violencia LGTBIfóbica e fascista se coe nas nosas aulas e campas libre polas rúas. A mocidade LGTBI, as lesbianas, gays, bisexuais, trans... temos claro que só poderemos frear o avance da extrema dereita coa loita nas rúas.

Menos propaganda e máis xustiza social

Os partidos políticos da reacción, empresarios e banqueiros, xuíces, curas e bispos, son os nosos inimigos declarados. E en cada manifestación feminista, en cada Orgullo Crítico, en cada protesta en defensa dos nosos dereitos, cando saímos a loitar polo público e contra o xenocidio sionista en Palestina... declarámoslles a guerra, a eles e ao seu sistema.

Mais todos os anos tamén temos que lembrar que a dereita conta cun socio moi fiábel nas filas do PSOE para que a violencia LGTBIfóbica se abra camiño. O Goberno "progresista" poderá dicirnos as veces que queira que está do noso lado e vendernos os "tantísimos avances" que

se conseguiron en materia LGTBI. Pero se atacan furibundamente a Lei Trans, defenden sentenzas xudiciais patriarcales, votan leis co PP e colocan a unha transfoba convencida á fronte do Instituto das Mujeres, envían á policía para reprimir a protesta social e golpear migrantes mentres tratan os nazis con delicadeza. Poderán dicir o que lles pete, pero con estas políticas nin se está co movemento LGTBI nin se frea á extrema dereita.

Non queremos palabrería barata, nin tampouco que cada 28 de xuño se suban tweets con moitas fotos coa bandeira arco da vella. O que queremos é vivir sen medo e libres. E para iso, queremos educación sexual inclusiva e que haxa recursos suficientes na escola pública para loitar

contra o acoso escolar. Queremos que se depure o aparato do Estado e a xudicatura de franquistas. Queremos xustiza real para as vítimas e que haxa castigos exemplares a quen nos ataca. Queremos ter garantido o dereito a unha vivenda, a un emprego, a unha educación e sanidade públicas dignas para todes. Que se derroque a Lei de Estranxeiría e a Lei Mordaza.

Non imos permitir que este sistema capitalista e patriarcal nos esmague. A nosa forza está nas rúas. Non deixaremos de loitar pola liberdade e a dignidade que merecemos.





A REVOLUCIÓN RUSA E A EMANCIPACIÓN DA MULLER TRABALLADORA

É un feito claro e incontrovertíbel que, sen a participación das mulleres, a Revolución de Outubro non puidese traer a Bandeira Vermella á vitoria

(Alexandra Kollontái)



Este 2024 conmemoramos o centenario da morte de Lenin, un dos dirixentes máis destacados da revolución rusa de 1917. Coñece as nosas publicacións para saber quen foi, que defendeu e as achegas do Partido Bolxevique á loita pola emancipación da muller traballadora.



ABAIXO O XENOCIDIO SIONISTA EN GAZA!

O Goberno sionista, supremacista e colonialista de Netanyahu desatou un masacre contra a poboación palestina sen precedentes desde a fundación do Estado de Israel. A realidade é que en pleno século XXI, grazas ao apoio e complicidade de EEUU, a Unión Europea e os Gobernos europeos, unha atrocidade retransmitida en vivo e en directo está a cometerse contra unha poboación inocente e indefensa.

Mentres o masacre se agrava, somos millóns quen estamos a estender o movemento de solidariedade con Gaza. Desde as manifestacións masivas que tinguiron os cinco continentes ata a loita estudantil nas universidades, desde EEUU a México, Francia, Gran Bretaña ou o Estado español.

Estamos á beira do pobo palestino, da súa dor e da súa resistencia exemplar, e por iso temos a obriga de sinalarmos a complicidade infame do imperialismo occidental nesta matanza. Tamén do Goberno “progresista” de Pedro Sánchez e Yolanda Díaz, que choran bágoas de crocodilo todo o día

e tratan vergoñentemente de instrumentalizar as nosas acampadas, pero continúan enviando armas a Netanyahu e néganse a romper as súas relacións políticas e comerciais con Israel.

A solidariedade internacionalista e revolucionaria é o único camiño para frear os plans asasinados de Netanyahu e os seus cómplices. Cando a mocidade e a clase traballadora nos poñemos en marcha non hai quen nos pare. Só coa loita desde abaixo, vencellando o movemento estudantil ao obreiro, poñendo sobre a mesa a necesidade dunha folga xeral contra o *apartheid* sionista, poderemos dobrigar os responsábeis do masacre de todo un pobo.

O capitalismo é xenocidio, miseria e guerras imperialistas. Loitar pola revolución socialista é unha necesidade urxente, para Palestina e para a humanidade.



REPRESIÓN CONTRA UNHA PROTESTA FEMINISTA PACÍFICA PARA ESIXIR UN PUNTO VIOLENTA NO CC MÀGIC

Pasou un ano desde as violacións grupais nos lavabos do Centro Comercial Màgic de Badalona. Un ano de moita rabia, dor das familias e abandono institucional ás vítimas.

Levamos 365 días esperando algún tipo de medida e protocolo para evitar que o Màgic continúe sendo unha cova onde os agresores sexuais poden actuar con impunidad. 365 días de silencio. Por iso, cansas, volvemos dicir basta.

O pasado 25 de maio, o Comitè de Mares contra a Violència sexual a Badalona, Lliures i Combatives e o Sindicat d'Estudiants, xunto a profesoras de USTEC-STEs, acompañadas por activistas feministas e sociais, sindicalistas combativas da cidade, celebramos unha concentración dentro do Centro Comercial Màgic para esixir un punto violeta no seu interior.

A nosa acción foi totalmente pacífica, despregando pancartas, cantando consignas de apoio ás vítimas e lendo un manifesto.

Rapidamente, os gardas de seguridade do centro comercial decidiron tratarnos como delinquentes, pisando a nosa liberdade de expresión e protesta, e agredíronnos fisicamente. Catro enerxúmenos atacaron violentamente a Borja Latorre, do Sindicat d'Estudiants, golpeándoo e empurrándoo contra un escaparate; esposárono, levárono aos corredores internos privados do centro con golpes e intimidacións, e retivérono ilegalmente. El, e tamén outras compañeiras, teñen contusións importantes.

Así é como funciona o Màgic. E así funciona porque o Concello de Badalona o permite. Como é posíbel que se ataque violentamente a quen esixe un pun-



to violeta? Como é posíbel esta animalada en pleno 2024? Esta é a seguridade na que temos que depositar a nosa confianza se nos pasa algo? Podémosos imaxinar o medo que sentiron as vítimas das agresións cando pediron auxilio a estes

gorilas de extrema dereita e foron ignoradas.

Queremos que se depuren responsabilidades e que se actúe xa. Esiximos:

1. O cesamento inmediato do responsábel de seguridade do CC Màgic.

2. O despedimento fulminante dos catro gardas de seguridade que nos atacaron.

3. A creación dun punto violeta dentro do Màgic, que permaneza aberto durante o horario do centro comercial,

con recursos económicos e materiais suficientes, e con traballadoras sociais especializadas en violencia de xénero para poder auxiliar as vítimas e todas as mulleres que o necesiten.

No esteu soles!

Libres e Combativas presenta unha querela ante a Fiscalía contra Javier Negre e Vito Quiles

NECESITAMOS O TEU APOIO E COLABORACIÓN | SE TOCAN A UNHA, RESPONDEMOS TODAS



Contra a **LGBTB**ífofia e o fascismo:

¡ORGULLO de clase e revolucionario!



Ao fascismo non se lle discute, combáteselle

A violencia que sufrimos as persoas LGTBI en todos os ámbitos da nosa vida é insoportábel.

Os ataques e a discriminación son constantes. No Estado español calcúlase que ao redor de 280.000 persoas sufriron agresións pola súa orientación ou identidade sexual nalgún momento dos últimos cinco anos. O 27,5% foi discriminado. O 8,6% sufriu violencia física ou sexual.

E isto son só os datos a que temos acceso. É intolerábel, asfixiante e esgotador.

A pesar do avance social evidente que existe a respecto dos dereitos LGTBI, especialmente entre a mocidade, o discurso reaccionario da extrema dereita de Vox e do Partido Popular está detrás do aumento das agresións, que medraron un 34%. A violencia nas rúas está disparada, con 2022 rexistrando un 70% de ataques máis a respecto de anos anteriores, e tamén o acoso nas nosas aulas: o 60% dos e das adolescentes sofren bullying LGTBIfóbico. Datos que se multiplican á enésima potencia entre a comunidade trans.

A extrema dereita, sexa azul ou verde, a que goberna en decenas de Comunidades Autónomas e Concellos, converte as nosas vidas nun verdadeiro inferno. A súa persecución constante, a súa ideoloxía retrógrada, homófoba e medieval, que esparcen desde as institucións, nas redes sociais e os estudos de televisión, pretende colocarnos unha diana na fronte para que os sectores máis reaccionarios da sociedade veñan a atacarnos.

Cando Abascal e compañía nos tachan de enfermos e predicán a súa preocupación polo “aumento da homosexualidade e a transexualidade”. Cando a xustiza patriarcal condena a anos de cárcere aos activistas que protestaron contra o autobús tránsfobo de Hazte Oír en Sevilla. Cando Ayuso legisla que volvan existir as terapias de conversión. Cando prohiben libros sobre os nosos dereitos nas escolas, cando censuran películas infantís porque dúas mulleres bícanse. Ou cando falan do “adoctrinamiento LGTBI” e esixen que haxa un Día do Orgullo Hetero... Todo isto persegue un obxectivo: acabar coas persoas que non comungamos coa súa idea de España, unha, grande e libre, que nos saímos dos seus roles e que rachamos co modelo capitalista de familia tradicional.

CONTINÚA DENTRO ▶

Número 18

somoslibresycombativas@gmail.com
www.libresycombativas.net



ESQUERDA
REVOLUCIONARIA